plataforma de organizacións de infancia galicia

INFANCIA PRIORIDADE

MANIFESTO 2026

Polo benestar e a protección da infancia e da adolescencia en Galicia

UNHA REALIDADE QUE ESIXE RESPOSTAS

A garantía dos dereitos da infancia e da adolescencia non é unha aspiración nin unha concesión: constitúe unha obriga xurídica dos poderes públicos e un requisito esencial para a cohesión social. A Convención sobre os Dereitos do Neno recoñece as nenas, nenos e adolescentes (NNA) como titulares de dereitos e esixe que o seu interese superior, a igualdade, a protección e a participación orienten todas as decisións que lles afectan. En Galicia, o recoñecemento normativo destes dereitos debe traducirse en políticas transversais, servizos de calidade, financiamento suficiente e resultados verificables. A evidencia dispoñible amosa avances, mais tamén desigualdades persistentes e necesidades que non admiten respostas fragmentadas.

- Galicia mantense como a **única comunidade autónoma sen unha lei específica de infancia e adolescencia**. Regular a protección a través de leis xerais dispersas deixa á infancia nunha situación de desvantaxe e dificulta a resposta ante os novos retos. Unha lei propia é urxente e imprescindible non só para blindar dereitos e orzamentos, senón tamén para establecer estratexias interdepartamentais que garantan unha atención integral.
- **68.000** nenas, nenos e adolescentes (19,3 %) atópanse en risco de pobreza ou exclusión social en Galicia, **10.000** máis ca no ano anterior. Deles, arredor de **25.000** viven en situación de pobreza severa (6,8 %). Mentres o risco de pobreza ou exclusión social descende no conxunto do Estado, en Galicia aumenta 3,3 puntos porcentuais.
- A normativa autonómica e orzamento destinado en materia de sistema de protección atópase desfasada e resulta **insuficiente** para dar resposta aos retos e ás problemáticas actuais da infancia e da adolescencia tutelada. Esta realidade evidencia a necesidade dunha avaliación do sistema, que mida o impacto real no benestar das persoas menores de idade, optimice os recursos públicos e adapte a atención aos novos retos sociais.
- As prescricións de psicofármacos a persoas menores de **19 anos aumentaron un 52 %** en Galicia entre 2019 e 2023, unha evolución que reclama máis promoción e prevención en nenas, nenos e adolescentes con problemáticas de saúde mental e emocional.
- Galicia conta con **21 consellos locais** de participación infantil en funcionamento para un territorio de **313 concellos**, unha implantación insuficiente para asegurar que as opinións da infancia se incorporen de maneira efectiva ás decisións públicas.

Ante esta realidade, as entidades que integramos a Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia (POIG) unimos a nosa voz para esixir ás administracións públicas compromisos concretos, recursos suficientes e políticas integrais que sitúen os dereitos da infancia e da adolescencia no centro da acción pública. **Porque garantir estes dereitos non é unha opción política: é unha responsabilidade institucional e unha obriga que non admite demoras.**

1 DEREITOS CON GARANTÍAS: LEI, DATOS E GOBERNANZA

Galicia precisa un marco normativo propio e unha gobernanza capaz de identificar necesidades, coordinar respostas e avaliar o seu impacto. A información desagregada non é un elemento accesorio: é imprescindible para coñecer as desigualdades e orientar decisións públicas fundadas.

ESIXIMOS:

- Aprobar unha **Lei Galega de Infancia e Adolescencia** que integre a prevención, a protección e a participación desde un enfoque de dereitos, estableza garantías efectivas e articule unha coordinación estable entre administracións e axentes sociais.
- Reforzar o **Observatorio Galego da Familia e da Infancia** mediante recursos humanos e técnicos suficientes, actividade periódica e capacidade continuada de análise, asesoramento, avaliación e proposta.
- Garantir a **recollida, actualización, desagregación e accesibilidade pública** dos datos sobre infancia e adolescencia por idade, sexo, territorio e contornas (rurais e urbanas), situación socioeconómica e outras variables relevantes, con indicadores que permitan avaliar políticas e detectar desigualdades na infancia e adolescencia galega.

2 NINGUNHA INFANCIA EN POBREZA: RENDA, VIVENDA E APOIO FAMILIAR

Segundo a Análise da Enquisa de Condicións de Vida con Enfoque en Infancia en Galicia de 2026, 50.000 NNA (14,2 %) atopábanse en situación de pobreza. Ademais, o 7,2 % máis de 25.000 sitúase nunha franxa de ingresos de apenas un 3 % por riba ou por debaixo do limiar da pobreza.

As carencias económicas afectan simultaneamente á alimentación, á vivenda, á saúde, á educación á participación e as familias do rural sen acceso aos recursos básicos de proximidade. A resposta non pode limitarse a paliar situacións extremas: debe evitar que a vulnerabilidade se perpetúe e garantir condicións de vida dignas.

ESIXIMOS:

- Avanzar na mellora da **Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA)** cara a unha renda garantida de cidadanía, corrixindo o escalamento do limiar de pobreza para incluír ao maior número de fogares vulnerables con infancia a cargo, impulsar políticas específicas de vivenda pública para familias en risco e acceso a recursos básicos nas contornas rurais.
- Elaborar un **Plan de apoio ás familias monoparentais** para combater os seus elevados índices de pobreza, equiparando os seus apoios aos que reciben as familias numerosas.
- **Reforzar a conciliación** e priorizar nas políticas activas de emprego as persoas con responsabilidades familiares en situación de vulnerabilidade, de forma coordinada co sistema de protección social.

3 CONTORNAS SEGURAS: PREVIR A VIOLENCIA E PROTEXER NA ERA DIXITAL

En 2025, a liña de axuda á infancia de ANAR rexistrou 2.502 chamadas procedentes de Galicia: 7,6 por cada 1.000 NNA, fronte ás 35,5 da media estatal. Esta diferenza non permite concluír que exista menos violencia senón dificultades de coñecemento, acceso ou confianza nos recursos de axuda.
A violencia contra a infancia require prevención, detección temperá, canles accesibles de axuda e unha atención que evite a revitimización. A extensión das tecnoloxías amplía as oportunidades, mais tamén obriga a afrontar riscos de forma proporcionada, con protección, educación e acompañamento ás familias.

ESIXIMOS:

- Adecuar a lexislación galega á Lei Orgánica de Protección Integral da Infancia e da Adolescencia fronte a Violencia (LOPIVI) e dotar de recursos ás distintas administracións para implementar estándares organizativos de protección infantil efectivos en administracións, centros educativos e entidades que traballan con menores, garantindo unha atención próxima no rural.
- Protección ante os riscos tecnolóxicos: Desenvolver unha lei específica para previr e minimizar os riscos asociados ao uso de tecnoloxías na infancia e adolescencia, abordando a adicción dixital, o illamento social, a perda de habilidades, a exposición a contidos inadecuados e a violencia dixital, promovendo un uso seguro, responsable e positivo.

4 UN SISTEMA DE PROTECCIÓN CENTRADO NOS DEREITOS E NOS VÍNCULOS

A finais de 2024, Galicia rexistraba 331 NNA en acollemento familiar en familia allea e 868 NNA en centros residenciais de protección, que ocupaban a totalidade das prazas existentes.
A protección pública debe apoiar a permanencia na contorna familiar cando sexa segura e, cando non sexa posible, asegurar alternativas de coidado estables, próximas e individualizadas. O sistema non pode organizarse arredor da dispoñibilidade de prazas, senón das necesidades e dos proxectos de vida de cada NNA.

ESIXIMOS:

- Transformar o sistema de protección infantil mediante a ampliación dos espazos de preservación familiar para evitar a entrada de menores de idade no sistema, a priorización do acollemento familiar, especialmente para menores de 6 anos, axilizando idoneidades e mellorando retribucións, e a revisión das ratios e concertos do acollemento residencial para garantir unha atención integral e de calidade a todos os NNA tutelados.
- Débese aprobar un plan galego específico para as nenas, nenos e adolescentes migrantes non acompañados, dotado de recursos, prazos, estándares de calidade, protocolos de coordinación e avaliacións individualizadas que garantan sempre o seu interese superior.

5 SAÚDE MENTAL: PREVENCIÓN, PROMOCIÓN DO BENESTAR E ATENCIÓN ESPECIALIZADA

En Galicia, máis de 11.300 persoas menores de 15 anos consumiron antidepresivos ou ansiolíticos en 2023, un 7 % máis ca no ano anterior, segundo os datos recollidos no informe Os dereitos da Infancia en Galicia 2026.

O novo Plan Estratéxico de Saúde Mental de Galicia 2026-2030 obvia a prevención e a promoción da saúde, dous eixes fundamentais e estratéxicos para o benestar da infancia e da adolescencia.

Intervir unicamente cando as dificultades emocionais ou relacionais xa están consolidadas supón chegar tarde. O benestar psicolóxico da infancia debe formar parte dunha estratexia pública integral, preventiva e comunitaria, desde a etapa prenatal e ao longo da adolescencia. Isto é especialmente relevante nas zonas rurais onde a distancia aos recursos poden dificultar a detección e a continuidade dos apoios.

ESIXIMOS:

- Reforzar os programas de prevención e detección temperá mediante a articulación de respostas integradas nos ámbitos sanitario, educativo, social e comunitario, implantando mecanismos para a identificación de dificultades emocionais e relacionais e garantindo un apoio continuado ás familias independentemente do lugar de residencia.
- Promover a saúde emocional como parte das políticas públicas dirixidas á infancia, non só como resposta a situacións de malestar e trastorno, senón tamén como parte dunha estratexia ampla de promoción do benestar.

6 EQUIDADE EDUCATIVA: IGUALDADE DE OPORTUNIDADES PARA A INFANCIA

En Galicia, a taxa de abandono educativo temperán foi do 10,4 % en 2025 (indicador referido á poboación de 18 a 24 anos). Pola súa banda, a escolarización entre 0 e 3 anos situouse arredor do 64 % no curso 2024/2025. Estes datos deben acompañarse de medidas que garantan a permanencia, a inclusión e a igualdade de oportunidades de todo o alumnado.

O dereito á educación esixe acceso, permanencia, inclusión e acompañamento. A pesar dos avances na escolarización temperá, as desigualdades económicas, territoriais específicas das zonas rurais e as derivadas da discapacidade seguen condicionando o acceso a oportunidades educativas e socioeducativas.

ESIXIMOS:

- Reforzar as políticas de prevención do fracaso e do abandono educativo temperán, priorizando o alumnado en situación de vulnerabilidade, especialmente nas transicións educativas, mediante orientación, apoio e reforzo educativo personalizados.
- Incrementar os recursos humanos e materiais para unha educación inclusiva, a formación especializada do profesorado e os equipos multidisciplinares de orientación, ampliando as axudas de material escolar, comedor, transporte e actividades educativas.

7 PARTICIPACIÓN REAL: ESCOITAR, INCORPORAR E RENDER CONTAS

O artigo 12 da Convención sobre os Dereitos do Neno recoñece o dereito a expresar a opinión e a que esta sexa debidamente tida en conta.

En Galicia existen 21 consellos locais de participación infantil para un territorio de 313 concellos. Estes espazos permiten que as nenas, nenos e adolescentes expresen as súas opinións, formulen propostas e participen nas decisións municipais que lles afectan. Porén, a súa implantación segue sendo insuficiente para garantir unha participación efectiva en todo o territorio.

A nivel autonómico, o Consello Autonómico de Infancia e Adolescencia (CAIA) conta con 30 NNA. A participación institucional non pode limitarse a consultas illadas nin a estruturas sen influencia; debe incorporar as propostas da infancia ás decisións que condicionan a súa vida.

O reto é asegurar que a súa participación teña consecuencias reais nas políticas públicas.

ESIXIMOS:

- Incrementar a participación activa do CAIA no deseño, seguimento e avaliación das políticas públicas con devolución de resultados e rendición de contas, e promover a creación de consellos locais de infancia en todos os concellos de Galicia, dotándoos de equipos, orzamento, continuidade e capacidade real de decisión.
- Capacitar aos equipos profesionais en metodoloxías participativas con enfoque de dereitos, garantindo que os espazos de participación sexan accesibles, inclusivos e representativos para toda a infancia e adolescencia.

COMPROMISOS PÚBLICOS, RECURSOS E RESULTADOS

Os dereitos da infancia deben estar garantidos para todos as nenas e nenos, sen importar o seu lugar de residencia, a orixe, a situación económica ou as circunstancias da súa familia. Para facelo posible, cómpre poñer a prevención no centro, superar a fragmentación entre institucións e manter un compromiso firme e duradeiro no tempo.

A Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia esixe á Xunta de Galicia, ás administracións locais e ao resto das institucións competentes que traduzan estas demandas en actuacións concretas, con financiamento suficiente, calendarios, responsabilidades definidas, avaliacións públicas e mecanismos efectivos de participación. As entidades sociais e as propias NNA deben formar parte da definición e do seguimento destas políticas.



POR UNHA GALICIA QUE PROTEXA, ESCOITE E GARANTA OS DEREITOS DA INFANCIA E ADOLESCENCIA

Xagat

Alborada

arela

fundación aldaba

ALDEAS INFANTILES SOS GALICIA

amino

fundación Amigó

Aventeira
COOPERATIVA DE EDUCACIÓN E LECER

SCOUTS | ASDE

Ayuda en Acción

CG autismoGALICIA

ACOUGO
Asociación galega de familias de acollida

arelas

Aseia Galicia
Asociación para a Saúde Emocional na Infancia e na Adolescencia

ASPACE
PARÁLISE CEREBRAL
Galicia

25 anos con historia
ASOCIACIÓN GALEGA DE PAIS E NAIS SEPARADOS

Berce
ASOCIACIÓN DE INICIATIVA SOCIAL BERCE

EBata

Cruz Vermella

Fundación CAMIÑA SOCIAL

ASOCIACIÓN CENTRO TRAMA
Trabajo en Integración y Desarrollo Social

Dignidad
ONG
AYUDA SOCIAL Y COOPERACIÓN
Galicia

dignidade

Fundación Diagrama

educo

entreculturas
ONG JESUITA

EuroEume

fundaciónesplai
ciudadanía comprometida

faiben

FAGAMOS
Asociación de Familias Monoparentais de Galicia

donbosco
galicia

DON BOSCO
ESCOLA DE TEMPO LIBRE

Fundación Secretariado Gitano

Tierra de hombres
Ayuda directa a la infancia desamparada

igaxes

LAR

meniños

MANALA
asociación galega de adopción e acollemento

Maluma
O Grove

MarCha
Compostela

Montague
FUNDACIÓN

PEstudio
PERIODISMO SOCIAL

PETALES
España
Asociación Ayuda Mutua
ADVERSIDAD TEMPRANA Y APEGO

C.D.R. "PORTAS ABERTAS"

salma
FUNDACIÓN

SCOUTS | MSC
Scouts de Galicia - Escutismo Católico Galego

unicef

o viso
C. D. R.

CASA DE FAMILIA VEDRUNA

Casa Familia Laura Vicuña

viraventos

Cáritas
Diocesana de Tui-Vigo

plataforma de organizacións de **infancia** *galicia*

www.infanciagalicia.org

SEDE

Rúa Manuel María Nº6, Santiago de Compostela

CONTACTO

secretariatecnica@infanciagalicia.org

teléfono: 747491242

A súa voz é a nosa

@infanciagalicia